

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 18 DE XUÑO DE 2020

Ás 10:35 horas do día 18 de xuño de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 15 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral (asiste a todos os puntos agás ao 9a e 10a)
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral (asiste aos puntos 9a e 10a)
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 9b e 10b)
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 2, 4, 9a, 10a e 11b)
D^a. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste ao punto 11a)
D^a. María Dapena Gómez, xefa da Área de Recursos Humanos (asiste aos puntos 5 e 6)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de "Humanización da Estrada Provincial EP-2001 Calvario La Garrida, Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto" (495-441) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:57	Páxina 1 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA247-C3DFBB-E2AB82-NQFWZN-B7Y2HV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 11 de xuño de 2020, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L.
2. INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.

Os dous licitadores presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores:

- PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L., por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., ao non ter presentado correctamente a documentación requirida no acordo da Mesa do 11 de xuño de 2020 para concorrer á licitación con solvencia de terceiros, enténdese que concorre a este licitación sen solvencia de terceiros, polo que no suposto de resultar clasificada en primeiro lugar neste procedemento non poderá acreditar a solvencia esixida no PCAP a través de medios externos.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos" (476-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. G.O.C., S.A.
2. GRUSAMAR INGENIERÍA Y CONSULTING, S.L.U.
3. UTE PROYFE - PROYECTOS Y OBRAS DE INFRAESTRUCTURAS E INSTALA, S.L. (ZUBIA) (porcentaxe de participación na UTE ao 55%-45% respectivamente)
4. TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L.
5. UTE CONSULTORA DE INGENIERÍA Y EMPRESA, S.L. - INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
6. UTE DESEÑOS ESTRUCTURAIIS E VIARIOS, S.L. - INGENIA ACTIVIDADES DE INGENIERÍA Y OBRA CIVIL, S.L.U. (porcentaxe de participación na



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:57	Páxina 2 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA247-C3DFBB-E2AB82-NQFWZN-B7Y2HV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



UTE ao 50%)

7. UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. – K2 ESTUDIO DE INGENIERÍA, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 75%-25% respectivamente)
8. UTE GALAICONTROL, S.L. - G.P.O. INGENIERIA, S.L.
9. UTE CONSULTORÍA INRUPRE, S.L. - VIVERO DE SOLUCIONES PARA LA INGENIERÍA, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
10. UTE TEMHA, S.L. – NOEGA INGENIEROS, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
11. UTE URBING, PROYECTOS DE URB. E ING. CIVIL, S.L. - INCO, ESTUDIO TÉCNICO, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)

- b) Non admitir neste procedemento a ICEACSA CONSULTORES, S.L.U. por indicar a Plataforma de Contratos do Sector Público que presentou a súa proposición por medio de pegada electrónica sen que conste presentada proposición ningunha no Rexistro Xeral tal e como indica o certificado expedido na data 17 de xuño de 2020. En consecuencia, o licitador non cumpriu os requisitos de presentación esixidos na cláusula 14.1 do PCAP para este suposto (*"No suposto de que, por razóns técnicas de comunicación, non puidese facerse efectiva a entrega da proposición mediante a canle electrónica, obterase un xustificante de presentación da pegada dixital ou resumo correspondente da oferta. Este xustificante ou resumo entregárase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Se a presentación no Rexistro Xeral non fose posible, o xustificante enviarase ao correo de Contratación: contratacion@vigo.org.*

O licitador, neste suposto, presentará os sobres en soporte electrónico no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo das 24 horas posteriores á data límite de presentación das proposicións").

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de urbanización dos espazos intersticiais na estación intermodal de Vigo (561-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
3. ORECO, S.A.U.
4. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
5. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
6. UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. - NAROM, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)

4.- Apertura da documentación técnica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:57	Páxina 3 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA247-C3DFBB-E2AB82-NQFWZN-B7Y2HV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de "Humanización da Estrada Provincial EP-2001 Calvario La Garrida, Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto" (495-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos" (476-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de urbanización dos espazos intersticiais na estación intermodal de Vigo (561-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos para a realización dun estudo diagnóstico de análise e valoración dos postos de traballo do cadro de persoal da Policía local (34.078-220)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos o 12 de xuño de 2020 de valoración do sobre A "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*", así como o informe complementario de data 17 de xuño de 2020. Ambos informes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:57	Páxina 4 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA247-C3DFBB-E2AB82-NQFWZN-B7Y2HV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

son aceptados por unanimidade dos membros da Mesa.
Acto seguido publícanse os informes no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos para a realización dun estudo diagnóstico de análise e valoración dos postos de traballo do cadro de persoal da Policía local (34.078-220)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

- ASE PSIKÉ, S.L.:

Propón un prezo total do contrato de 27.225,00 euros.

Acredita que os medios persoais adscritos á execución do contrato teñen realizado nos últimos 5 anos estudos específicos de análise (APT) e valoración dos postos de traballo (VPT) a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC:

- a) Técnico 1: 5 estudos
- b) Técnico 2: 5 Estudos

Acredita que os medios persoais adscritos a execución do contrato teñen realizado estudos específicos de análise (APT) e valoración (VPT) dos postos de traballo en colectivos de máis de 100 persoas:

- a) Técnico 1: 2 estudos
- b) Técnico 2: 2 estudos

Acredita un incremento da experiencia dos medios persoais adscritos ó contrato a maiores da esixida no apartado 5.F desta FEC:

- a) Técnico 1: 5 anos
- b) Técnico 2: 5 anos

Acredita que os medios persoais á adscribir á execución do contrato teñen formación universitaria e non universitaria de especialización en recursos humanos a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC:

- Formación universitaria especializada:

- a) Técnico 1: si
- b) Técnico 2: si

- Formación non universitaria especializada de ata 50 h:

- a) Técnico 1: si



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:57	Páxina 5 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA247-C3DFBB-E2AB82-NQFWZN-B7Y2HV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Técnico 2: si

- Formación non universitaria especializada de ata 100 h:

a) Técnico 1: si

b) Técnico 2: non

- Formación non universitaria especializada superior a 100 h:

a) Técnico 1: si

b) Técnico 2: si

- RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L.:

Propón un prezo total do contrato de 14.520,00 euros.

Acredita que os medios persoais adscritos á execución do contrato teñen realizado nos últimos 5 anos estudos específicos de análise (APT) e valoración dos postos de traballo (VPT) a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC:

a) Técnico 1: 13 estudos

b) Técnico 2: 13 Estudos

Acredita que os medios persoais adscritos a execución do contrato teñen realizado estudos específicos de análise (APT) e valoración (VPT) dos postos de traballo en colectivos de máis de 100 persoas:

a) Técnico 1: 7 estudos

b) Técnico 2: 7 estudos

Acredita un incremento da experiencia dos medios persoais adscritos ó contrato a maiores da esixida no apartado 5.F desta FEC:

a) Técnico 1: 15 anos

b) Técnico 2: 13 anos

Acredita que os medios persoais á adscribir á execución do contrato teñen formación universitaria e non universitaria de especialización en recursos humanos a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC:

- Formación universitaria especializada:

a) Técnico 1: si

b) Técnico 2: si

- Formación non universitaria especializada de ata 50 h:

a) Técnico 1: si

b) Técnico 2: si



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Formación non universitaria especializada de ata 100 h:

- a) Técnico 1: si
- b) Técnico 2: non

- Formación non universitaria especializada superior a 100 h:

- a) Técnico 1: si
- b) Técnico 2: non

Os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

- a) Excluir deste procedemento a ASE PSIKÉ, S.L. por exceder a súa oferta do orzamento base de licitación (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2B do prego de cláusulas administrativas particulares).
- b) Tras comprobar que a oferta do licitador non contén valores anormais de conformidade coa fórmula recollida na cláusula 18 do PCAP e, en aplicación do previsto na cláusula 16.3, outorgar a RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L. a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula (*"As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula"*):
 - Redución do prezo: 40 puntos
 - Estudos específicos de APT e VPT realizados polos/as técnicos/as que se adscriba a execución do contrato nos últimos 5 anos a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC: 10 puntos
 - Estudos específicos de APT e VPT realizados polos/as técnicos/as que se adscriban á execución do contrato en colectivos de máis de 100 persoas: 10 puntos
 - Maior experiencia do/a técnico/a que se adscriba a execución do contrato da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos): 10 puntos
 - Formación universitaria e non universitaria de especialización en recursos humanos, a maiores da esixida nos medios persoais, dos/as técnicos/as que se adscriban á execución do contrato (apartado 5F desta FEC): 10 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida por este licitador na proposición avaliable mediante xuízo de valor (20 puntos) a puntuación total é a seguinte:



	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula
1	RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L.	20 puntos	80 puntos
Puntuación total			100 puntos

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos para a realización dun estudo diagnóstico de análise e valoración dos postos de traballo do cadro de persoal da Policía local (34.078-220) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L. (B-07.207.160), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación, ao estar inscrito no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público:

1. Documentos acreditativos da representación (cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP)
2. A documentación esixida na cláusula 22 do PCAP:
 - Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
 - Acreditación da solvencia técnica esixida no apartado 5 das FEC.
 - Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.
 - Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.
 - Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais aos cales se comprometeu na súa oferta, conforme ao modelo incluído no Anexo VIII".

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:57	Páxina 8 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA247-C3DFBB-E2AB82-NQFWZN-B7Y2HV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

e humanización e transformación peonil da actual rede viaria" (360-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Dáse conta do escrito presentado por GRUSAMAR INGENIERÍA Y CONSULTING, S.L. o 16 de xuño de 2020 (documento nº 200107221) no que solicita información aclaratoria relativa á puntuación obtida no apartado "Memoria Descritiva do Equipo de Recursos Humanos Adscrito á Execución do Contrato".

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos o 11 de xuño de 2020 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade:

1. Remitir a solicitude formulada por GRUSAMAR INGENIERÍA Y CONSULTING, S.L. ao comité de expertos que emitiu o informe de valoración das proposicións avaliables a mediante xuízo de valor.
2. Aceptar o informe de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" do 11 de xuño de 2020.
3. Propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de ICEACSA CONSULTORES, S.L.U. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais e non ter presentado xustificación ningunha no prazo concedido.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos municipais dependentes de Patrimonio Histórico (xacementos arqueolóxicos do Castro e Toralla e edificación de Villa Solita) (9.568-307)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico o 12 de xuño de 2020 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria" (360-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:57	Páxina 9 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA247-C3DFBB-E2AB82-NQFWZN-B7Y2HV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento ao ICEACSA CONSULTORES, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria” (360-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE G.O.C., S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L.	95,20
2	UTE INCO, ESTUDIO TÉCNICO, S.L.- URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E ING. CIVIL, S.L.	91,83
3	PROYFE-ZUBIA UTE	86,88
4	TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L.	86,36
5	UTE GALAICONTROL, S.L.-GPO INGENIERIA Y ARQUITECTURA, S.L.U.	86,08
6	UTE AQUATICA-INGENIA	84,05
7	GRUSAMAR INGENIERÍA Y CONSULTING, S.L.U.	82,00
8	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	78,35
9	UTE NOEGA, S.L. - TEMHA, S.L.	73,12
10	DIAGRAMA INGENIERIA GALICIA, S.L.	56,80

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE G.O.C., S.A. e CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:57	Páxina 10 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA247-C3DFBB-E2AB82-NQFWZN-B7Y2HV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



de divulgación dos equipamentos municipais dependentes de Patrimonio Histórico (xacementos arqueolóxicos do Castro e Toralla e edificación de Villa Solita) (9.568-307)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos municipais dependentes de Patrimonio Histórico (xacementos arqueolóxicos do Castro e Toralla e edificación de Villa Solita) (9.568-307) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L.	96,50
2	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	55,93

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. (B-36.917.201), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP), ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos para a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero (9.846-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:57	Páxina 11 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA247-C3DFBB-E2AB82-NQFWZN-B7Y2HV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos para a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero (9.846-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de abril de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Autorizar a tramitación do presente procedemento ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, e prorrogado polos RD 476/2020 e RD 487/2020 ao ter por obxecto a contratación dun servizo que responde a unha necesidade vinculada directamente a feitos do estado de alarma, que é precisa para o interese xeral e para o funcionamento básico dos servizos públicos, e ao abeiro do establecido no acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020.

2º.- Aprobar a apertura do procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero.

3º.- Autorizar o gasto de 14.938,06 € para a contratación da xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero, que se imputará con cargo á partida presupostaria "Plan municipal de Igualdade" 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento dos exercicios 2020 e 2021, desglosado do seguinte xeito: no exercicio 2020 imputarase 3.734,52 €, e no exercicio 2021 imputarase 11.203,54 €, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no futuro orzamento.

4º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero de data 14.04.2020, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 10.03.2020".

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 3 de xuño de 2020, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento simplificado para a contratación de servizos para a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero (9.846-224) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:57	Páxina 12 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA247-C3DFBB-E2AB82-NQFWZN-B7Y2HV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Puntuación total
1	GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P.	95 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P. (B-36.847.242), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP), ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P., o día 3 de xuño de 2020, que presenta a documentación requirida os días 9, 11 e 12 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 18 de xuño de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P., de conformidade co informe de valoración da proposición



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:57	Páxina 13 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA247-C3DFBB-E2AB82-NQFWZN-B7Y2HV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

avaliado mediante xuízo de valor de data 29 de maio de 2020 e co acordo da Mesa de Contratación de data 3 de xuño de 2020 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Consta no expediente informe asinado pola axente e Igualdade de Oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade de data 17 de xuño de 2020 sobre a proposición avaliada a través de fórmula.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P. (B-36.847.242) o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos para a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero (9.846-224) coas seguintes condicións:

- 1. O prezo total do contrato é de 14.648'40 euros, exento de IVE.*
- 2. Acredita un incremento da experiencia laboral na atención psicolóxica directa a menores vítimas da violencia de xénero dos medios persoais adscritos ó contrato a maiores da esixida no apartado 5.F) desta FEC, de 10 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. Tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos" (431-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data 29 de maio de 2020 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento, UTE ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. – ALAUDA INGENIERÍA, S.A., a resolución de clasificación e o requirimento da presentación da documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP e no PCAP.

Dentro do prazo concedido para o efecto, o licitador presentou a documentación requirida, nas datas 11 e 12 de xuño de 2020. Logo da súa cualificación a Mesa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:57	Páxina 14 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA247-C3DFBB-E2AB82-NQFWZN-B7Y2HV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



acordou, por unanimidade, conceder un prazo de tres días á UTE ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. – ALAUDA INGENIERÍA, S.A. para que poida acreditar a solvencia económica de ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. tal e como esixe a cláusula 8 do PCAP:

"Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:

- *Ao valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.*
- *Á anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.*

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito". O licitador presentou unha declaración asinada polo representante de ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U sobre o seu volume de negocios así como as contas de 2015 e 2016, non atopándose estas dentro dos tres últimos anos concluídos, como esixe o PCAP.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (8.922-336)

Dáse conta da resolución nº 72/2020, do 8 de xuño de 2020, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se desestima o recurso interposto por ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. contra a exclusión da súa oferta. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 11 de xuño de 2020.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 08:57	Páxina 15 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA247-C3DFBB-E2AB82-NQFWZN-B7Y2HV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		